

DON JOSÉ MARIA BAÑOS CAMPO SECRETARIO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (Lugo)

CERTIFICA

Que a Xunta de Goberno Local de 15 de febreiro de 2016 en sesión ordinaria adoptou entre outros o seguinte acordo:

“ 5.- CONTRATACIÓN E SERVIZOS

A) CONTRATACIÓN.

A3.ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE REDACCIÓN DO PROXECTO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS E ACCESO A EXPLOTACIÓN AGRÍCOLA 2016 DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

Visto a Providencia de Alcaldía do 9.02.2016, faise constar que.-

1º.- De conformidade co establecido no artigo 138 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), a denominación de contratos menores, o é en consideración o seu importe, que ten que ser inferior a 50.000 euros (IVE excluído), cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate doutros contratos.

Os contratos menores non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos (artigo 23.3 ex, artigo 89 TRLCSP).

2º.- O artigo 10 TRLCSP, precisa que *“son contratos de servizos aqueles cuyo objeto son prestacións de hacer consistentes en el desarrollo de una actividad o dirigidas a la obtención de un resultado distinto a una obra o un suministro, categorías enumeradas en el Anexo II.”*

3º.- Nos contratos menores, artigo 111 TRLCSP, establécese que só se esixirá a aprobación do gasto e a factura correspondente expedida conforme á normativa vixente.

Porén, o Concello de Monforte de Lemos na base 33ª das de execución do orzamento do Concello, referida aos gastos menores, dispón que *“Cando a contía sexa superior a 1.000 euros e inferior a 18.000 euros, o expediente conterá unha proposta de adquisición razoada, detallada e valorada, debendo acreditarse a consulta a tres empresas, polo menos, salvo que resultase imposible ou inconveniente por razóns que deberán acreditarse no expediente”*. Neste senso, constan no expediente os seguintes orzamentos.-

Álvarez Gómez Arquitectos S.L.	5.082,00.-€ (IVE incluído).
--------------------------------	-----------------------------

D. Marcos Sánchez López	4.356,00.-€ (IVE incluído).
Abante Arquitectura e Ingeniería S.L.P.	3.932,50.-€ (IVE incluído).

4º.- Estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos (art. 23 ex. art. 89 TRLCSP). Así mesmo, resulta preciso proceder a sinalar o prazo de execución do contrato.

Fíxase como prazo máximo de duración da presente contratación o 24.02.2015, xa que logo, a execución da obra está suxeita a percepción dunha subvención, previa solicitude da mesma.

5º.- A competencia para contratar, de conformidade co previsto no apartado primeiro da Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, atribúese ao Alcalde, sempre que o importe do contrato non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento. Se sé supera a referida porcentaxe a competencia corresponderá ao Pleno. No entanto, dita competencia atópase delegada na Xunta de Goberno Local do Concello de Monforte de Lemos.

Por canto antecede, a Xunta de Goberno Local adopta por unanimidade o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: APROBAR o gasto correspondente, con cargo á aplicación orzamentaria 454.631 do orzamento xeral prorrogado do ano 2015 para o 2016.

SEGUNDO: ADXUDICAR, por “contrato menor”, a Abante Arquitectura e Ingeniería S.L.P. con CIF. B-27259613 e/r de D. Ramón Carlos Fernández Losada con DNI. 34257348-K a redacción do proxecto para a execución da obra de Mellora de Camiños Municipais e Acceso a Explotacións Agrarias do 2016 do Concello de Monforte de Lemos, no importe de 3.250,00.-€, aos que habería que engadir o que fai un total ascendente de 3.932,50.-€ (IVE incluído), e cun prazo máximo de duración que remata o 24.02.2015.”

E para que así conste e coa advertencia prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Monforte de Lemos a dezasete de febreiro de 2016.

Vº e Pce.
O ALCALDE

José Tomé Roca

